



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

**I.E.S. LAXEIRO**

Av. Bos Aires nº 71  
36500 LALIN (PONTEVEDRA)  
Telf.: 886151940 – Fax 886151953  
Ptp://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro  
email → ies.laxeiro@edu.xunta.gal



## COMUNICADO ENQUIISA “CONVIVENCIA XESTION”

Como sabe, de acordo co establecido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, constituíuse o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia e aprobouse a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020: [educonvives.gal](http://educonvives.gal). No marco desta estratexia realizáronse no 2015 e no 2019 as enquisas de diagnose que permitiron identificar os puntos fortes e febles na xestión da convivencia e na resolución de conflitos nos centros educativos.

Transcorrida esta etapa é necesario elaborar unha nova estratexia de convivencia para o período 2021-2025. Neste contexto, faise necesario a realización dunha nova enquisa de diagnose de convivencia de carácter censal e que terá unha periodicidade bianual.

A recollida de datos farase mediante unha ferramenta informática en liña, de xeito automatizado e totalmente anónimo. Para garantir este aspecto despregaranse diversas solucións tecnolóxicas e de procedemento entre as que destaca o acceso á propia ferramenta de recollida de datos.

**<https://www.edu.xunta.gal/convivencioxestion/>**

As claves de acceso son todas diferentes e non están personalizadas polo que o seu reparto será totalmente aleatorio.

Todo o alumnado do centro que curse 5º de Educación Primaria ou superior, deberá ter acceso, porquendas, ás aulas de informática para cubrir os cuestionarios. Para isto pediráselle que o centro estableza un horario que dea acceso para os distintos grupos, así como o profesorado que o acompañará e axudará a resolver as dúbidas que poidan xurdir. Daranse no centro facilidades para que o profesorado e o persoal de administración e servizos poida, así mesmo, acceder aos mesmos. Neste sentido pregámoslle encarecidamente que inste ao persoal do centro a participar neste proceso dada a súa importancia.

Tamén xerará as claves de acceso para as familias do seu centro, con indicacións precisas sobre como actuar.

### **A dirección Internet dos cuestionarios de convivencia é a seguinte:**

"Recollida de datos para as familias" en <https://www.edu.xunta.gal/convfamil>

"Recollida de datos para o alumnado de 5ºEP a 4º ESO" en <https://www.edu.xunta.gal/convobrig>

"Recollida de datos para o alumnado de ensinanzas postobrigatorias" en <https://www.edu.xunta.gal/convpost>

"Recollida de datos para o alumnado con necesidades especiais" en <https://www.edu.xunta.gal/convee>

"Recollida de datos para o profesorado" en <https://www.edu.xunta.gal/convdoce>

"Recollida de datos para PAS" en <https://www.edu.xunta.gal/convpas>